

# AO SOL DE NOVEMBRO NO GAFOS

Paseniño, apoiado nun pau de sanguiño, o velliño dirixía os seus cansos pasos cara ao río Gafos; fuxira da residencia onde o tiñan internado dende que voltara a Galicia despois de pasar toda a súa vida na emigración. A tarde estaba morna e despois de vagar perdido pola cidade, desorientado, seus cansos pasos levárono ao río da súa infancia, que tristura e melancolía ao ollar o seu espazo de xogos da infancia no río agora soterrado, unhas bágoas esbaraban polas enrugadas meixelas do vello, siguiu camiñando pola beira do río no verxel que lindaba cos eidos, as follas das árbores arremuiañábanse co vento no renovado paseo que el non lembraba, sentou nun banco xa canso e cas raiolas de sol que pasaban entre os ameneiros que lle acariñaban a cara pechou os ollos ao escoitar o murmurío do río ao pasar de vaguiño, e lembrou a súa xuventude a carón do río.

O Gafos o río da súa infancia lémbrale a época máis feliz da súa vida, seu lugar de xogos e de amizades primeiras e a súa escola de natureza, lembra a súa nai cargada cun caldeiro de zinc cheo de roupa nunha man e coa outra levando a el e na cabeza outro caldeiro cara ao lavadoiro do Peilán, que feliz era no río, que ledicia escoitar o rechouchío dos paxaros o merlo, paporrubios, verdeiros, pardais e o cuco cando traía a primavera no pico, como me gustaban as pegas rabilongas a brincar nas ourelas, miña nai facíame barquiños de papel que botaba polo río abaixo ata chegar a unha pequena ferverza onde se afundía, quizais preludio do que ía a ser o meu futuro, embarcarme camiño da emigración, que agarimosos recordos cando lembra os baños no río cando a calor e escoitar o croar das rans no solpor das noitiñas do verán.

Tumbados na herba cunha palliña, metíamola polo buraco da tobeira do grilo tentando collelo, nunha caixa de carton dos zapatos metíamos as follas de moureira para os gusanos de seda, ollábamos cara ao ceo abraiados a mirar os acrobáticos voos dos estorniños para facer fuxir seus enemigos, e o retorno das andoriñas, e os debuxos que facían as nubes, gatexábamos polas árbores á procura de niños, canto botei de menos alo na emigración o recendo a mentrasto, a pan de millo recen feito, como me escocían os ollos coa fumeira na lareira ao afumar os chourizos con ramas de loureiro na matanza do porco, e carrexar leña para a fogueira polo san Xoan, e fiuncho e flores para facer os Maios, tiñamos a carón da casa unha figueira que nos chamábase "a casiña dos melros" porque alí aniñaba todas as primaveras unha parella, e unha pereira onde pousaban as vacalouras, xogábase á pelota cunhas mazás pequeniñas que nos chamábase bugallos de unha maceira e apañábase amorodos nas silveiras a carón do río.

Xa a noitiña botábase enriba os farrapos de néboa esfiañada, subían dende o río traendo a friaxe, pero o vello xa non sentía nin escoitaba a melodía do murmurio do río, quedouse alí soño cun sorriso nos beizos. Atopárono uns camiñantes, xa frío, tirado no banco cando escentilaban as estrelas eo seu brillo se reflectía no río, atoparon o corpo, a alma fórase co río.

Antón Roel